



PLAN DIXITAL DE CENTRO

CEIP Agro do Muíño (v 1.1)

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome: CEIP Agro do Muíño

Código do Centro: 15032625

Teléfono Centro: 881866010

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagrodomuino/>

E-mail: ceip.agromuino@edu.xunta.es

Aula virtual: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagrodomuino/aulavirtual2/>

Este Centro é de nova creación (ano 2007). Conta con 6 unidades creadas de educación infantil e 12 de educación primaria (15 habilitadas actualmente). O centro acolle a 493 alumnos: 150 de Educación Infantil e 343 de Primaria. Segundo o catálogo corresponderíanlle 28 mestres e mestras.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Colexio de Educación Infantil e Primaria Agro do Muíño é un centro de titularidade pública que está situado no lugar de As Cortes, na parroquia de Ortoño, pertencente ao concello de Ames. Este é un dos Concellos con máis poboación nova da provincia da Coruña. Santiago é o referente principal de toda a zona, no que se refire a servizos administrativos e no ámbito económico. A actividade económica preponderante está baseada nos sectores de servizos, incluíndo o funcionariado, e xa moi pouco no agrícola.

O Plan Dixital Educativo supón unha oportunidade para o noso centro. Tal e como se indica na Guía de elaboración do Plan Dixital do INTEF, o Plan dixital debe ser "o instrumento que adecúe e facilite o uso dos medios dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe, entendido desde o obxectivo do desenvolvemento pleno e integral do alumnado".

1.3. Breve xustificación do mesmo

A continuación expoñemos a contextualización normativa relativa ao Plan Dixital que se vai implantar no noso centro:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan dixital creouse un equipo de traballo enmarcado dentro do Plan de formación do profesorado. O Plan Dixital é o resultado das diferentes reunións co coordinador ADIX da Consellería de Educación, entre os integrantes do grupo, e o traballo individual dos mesmos.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O centro posúe acceso a internet por cable, así como rede sen fíos propia, e rede sen fíos de Abalar, para os niveis onde se imparte EDIXGAL.
- No tocante ao equipamento dispoñible e o seu uso: a maior parte das aulas están dixitalizadas, con ordenador de aula. Outras, a maiores dispoñen de pantalla dixital interactiva e proxector. Nos niveis adscritos ao proxecto EDIXGAL están presentes estes tres elementos dixitais, a maiores dos portátiles individuais de cada alumno e alumna e un carro de carga. Tamén hai equipo informático na administración e dirección, así como na biblioteca, co proxecto Meiga e un equipo adicado á radio na escola. A sala de profesorado dispón de 5 ordenadores para o traballo docente e impresión, máis no departamento de orientación.
- En canto aos servizos dixitais educativos o centro dispón de: páxina web do centro, aula virtual operativa, Aqueiro, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a elaboración do Plan dixital utilizouse a ferramenta SELFIE. Unha ferramenta deseñada pola Comisión Europea para axudar ás escolas para integrar as tecnoloxías dixitais no ensino, a aprendizaxe e a avaliación dos estudantes, rexistrando o que funciona ben, onde se necesitan melloras e cales deberían ser as prioridades.

Realizouse un test de Competencia Dixital Docente entre o profesorado. Unha ferramenta de autoavaliación que xera un informe personalizado do nivel actual de competencia dixital en cada unha das áreas reflectidas no Espazo Europeo.

Grazas aos resultados da ferramenta SELFIE, que nos proporciona un informe da situación, e o Test de Competencias Dixital Docente do profesorado TCDD levouse a cabo unha análise DAFO. Unha ferramenta de análise que estuda as características internas (debilidades e fortalezas) e externas (ameazas e oportunidades).

Media das respostas por cada grupo (equipo directivo, profesorado e alumnado) para cada unha das 8 áreas do Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg):

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Infantil e Primaria	
A -Liderado	Equipo Direct.	2,8	
	Profesorado	3,3	
	Alumnado	-	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,6	
	Profesorado	2,8	
	Alumnado	3,5	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,3	
	Profesorado	3,4	
	Alumnado	4,5	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7	
	Profesorado	3,7	
	Alumnado	-	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,8	
	Profesorado	4,2	
	Alumnado	-	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3	
	Profesorado	3,6	
	Alumnado	3,8	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,6	
	Profesorado	3	
	Alumnado	-	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,3	
	Profesorado	3,3	
	Alumnado	4	

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	21	27	77,8 %
PROVISIONAL	3	4	75 %
INTERINO	1	2	50 %
SUBSTITUTO	7	7	100%
DESPRAZADO	5	9	55,6%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galician (sobre 192)	Nivel de competencia en Galician
68.4	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	55.6	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri	77.2	Integrador/a (B1) 77 Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	5,4 %
A2	20	54,1 %
B1	9	23,4 %
B2	3	8,1 %
C1	2	5,4 %
C2	1	2,7 %
TOTAL	37	100 %

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, o TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permitiu o coñecemento da realidade do C.E.I.P Agro do Muíño no eido dixital e facilitou a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
C A T E G O RÍ A S	INFRAESTRUTURAS EQUIPAMENTO	C.2. O centro conta con dispositivos dixitais para o ensino. C.3. O centro conta con boa conexión a Internet. O centro dispón e utiliza a radio escolar	C.5. Asistencia técnica C.10. Os dispositivos dixitais para o alumnado son insuficientes.
	PERSOAL DOCENTE	B.2. Debátese sobre o uso da tecnoloxía. D.2. Participación no desenvolvemento profesional continuo (DPC) E.1. O profesorado busca e emprega recursos educativos en línea	G1. Emprégase a tecnoloxía para avaliar as capacidades do alumnado. F5. Mellorar a colaboración do alumnado empregando as tecnoloxías.

		<p>E.3. Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe.</p> <p>E.4. Comunicación coa comunidade educativas</p> <p>F.1. Emprego das tecnoloxías para adaptarse ás necesidades do alumnado.</p>	<p>B1. No se avalían os progresos con tecnoloxías dixitais.</p> <p>G6. Avaliación entre iguais. Non se empregan as tecnoloxías para fomentar comentarios entre iguais.</p> <p>G5. Non se empregan as tecnoloxías para facer unha reflexión sobre o propio traballo.</p>
	ALUMNADO	<p>H.1. Comportamento seguro.</p> <p>H.2. Comportamento responsable.</p> <p>H.4. Verificar a calidade da información.</p> <p>H.10. Aprenden habilidades para diferentes materias.</p>	<p>H.11. Aprender a codificar ou programar.</p> <p>H.13. Resolver problemas técnicos.</p>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		<p>A.1. O centro non ten unha estratexia dixital.</p> <p>B.4. Non se empregan as tecnoloxías dixitais para colaborar con outros centros.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
C A T E G O R Í A S	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Software libre e as ferramentas corporativas.	<p>O profesorado ten moita carga burocrática.</p> <p>As demandas que se fan á administración educativa, en canto a equipos e material tecnolóxico, tenden ou a tardar moito ou a non ter resposta positiva.</p> <p>A administración educativa non oferta unha suficiente formación específica para o desenvolvemento da competencia dixital do profesorado.</p> <p>Falta de actualización por parte da Administración educativa das infraestruturas do centro.</p> <p>Dificultade e lentitude de acceso aos servizos técnicos e de mantemento.</p>

ORGANIZACIÓN DO CENTRO		A.4 Falta de tempo para explorar o ensino dixital.
ANPA	Familias receptivas ao tema das tecnoloxías	Baixa predisposición dalgunhas familias (nos niveis baixos) para facer uso dos recursos dixitais.
ALUMNADO	Competencia dixital do alumnado. Equipamento do alumnado nos fogares.	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos do Plan dixital para o centro son os seguintes:

- Establecer un equipo de profesores/as (Equipo Plan Dixital) para a elaboración, xestión e seguimento do plan dixital de centro (PDC) A1.
- Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro. C2 e C10
- Iniciar ao alumnado de E.Infantil e E.Primaria na robótica H11
- Utilizar a Aula Virtual/Edixgal ao menos unha vez ao trimestre para probas ou cuestionarios de avaliación en liña. G1 e E3
- Solicitar a creación dun polo creativo no centro
- Empregar ferramentas de coavaluación e autoavaliación do alumnado para a avaliación dixital de traballo do alumnado en entornos Moodle e/ou Edixgal

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de mellora de infraestruturas baséanse en tres piares fundamentais:

- Rematar a dixitalización das aulas do centro coa instalación de encerados dixitais nas aulas de Educación Infantil.
- Actualizar a aula de informática composta por equipos obsoletos chegados ao centro coa inauguración do mesmo no 2007.
- Dotar de equipos ultraportátiles para aula móbil do alumnado de terceiro e cuarto de Educación Primaria.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": A LIDERATO							
1. OBXECTIVO (1):	Establecer un equipo de profesores/as (Equipo Plan Dixital) para a elaboración, xestión e seguimento do plan dixital de centro (PDC) A1					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de persoas implicadas no Equipo Plan Dixital						
Valor de partida (3)	Profesorado participante no PFPP de Plan Dixital						
Valor previsto e data (4)	50% do claustro				Data: setembro-outubro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A1.1: Reunión do claustro e CCP para explicar a importancia do PDC	*Dirección *Coordinador Tic	Setembro 2022	*Convocatoria de claustro *Normativa *Convocatoria da CCP	Predisposición do claustro a colaborar e participar no PDC	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A1.2: Motivar ao profesorado a colaborar concedendo unha hora de reunión semanal aos membros do PDC	*Dirección *Inspección Educativa	Setembro 2022	*Visto e prace da inspección	Constitución dun EPD comprometido e eficiente	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A1.3: Crear un grupo de traballo sobre novas modalidades de ensino dixital	*Coordinador Tic *Xefatura de estudos	1º trimestre curso 2022-23	*CFR *Fprofe *Aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

A1.4: Empregar as tecnoloxías para facer unha reflexión sobre o propio traballo	*Claustro	Xuño 2023	*Enquisa de autoavaliación na aula virtual	Reflexión sobre o propio traballo coas Tic	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": C. INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS							
2. OBTXECTIVO (1):	Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro. C2 e C10					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro e coordinador Tic.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBTXECTIVO (2)	Cantidade de dispositivos (pc, pdi...) actualizados e/ou renovados.						
Valor de partida (3)	Poucos dispositivos actualizados e/ou renovados.						
Valor previsto e data (4)	100% dos dispositivos actualizados e/ou renovados.				Data: 30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
C1:Reorganizar a dispoñibilidade horaria do coordinador Tic	Xefa de estudos	Setembro 2022	Coordinador Tic	Maior liberación horaria do coordinador Tic	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
C.2:Avaliar o estado do equipamento dixital do centro	Coordinador Tic	Decembro 2022	*Coordinador Tic *Claustro *Partes de incidencias e estado	*Cumprimento dos partes de incidencia e estado dos dispositivos. *Dispositivos avaliados.	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
C.3:Actualizar e/ou renovar o equipamento dixital	*Dirección *Coordinador Tic	Xuño 2023	*Dirección *Coordinador Tic	100% do equipamento actualizado e/ou renovado	Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

C.4:Dotar de PDI a todas as aulas do centro	*Dirección	Xuño 2023	*PDI	100% das aulas con PDI	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
C5 : Dotar dun carro con ordenadores portátiles ao alumnado de 4º de Educación Primaria	Equipo directivo	Xuño 2023	* Carro con 25 ordenadores	Carro completo para 4º de E.P.		

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": H: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
3. OBXECTIVO (1):	Iniciar ao alumnado de E.Infantil e E.Primaria na robótica H11				Acadado	
RESPONSABLE:	Titores/as				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Desenvolvemento de actividades de robótica nas aulas.					
Valor de partida (3)	Desenvolvemento de actividades de robótica en 0 aulas.					
Valor previsto e data (4)	Desenvolvemento de actividades de robótica no 50% das aulas.			Data: 30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
H.11.1:Incluír no programa "Bibliotecas creativas"/Plambe	*Dirección *Coordinadora de biblioteca	Setembro 2022	Ordenador	Inclusión no programa e participación de máis do 50% do profesorado	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
H.11.2:Formar en robótica ao profesorado:Scornabots	*Dirección *Coordinador Tic. *Coordinadores de nivel	Novembro 2022	*Profesorado que imparte clase nese niveis *Scornabots	Participación no curso de formación	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
H.11.3:Xuntanza para deseñar/seleccionar as actividades con Scornabots	*Coordinador Tic *Profesorado que imparte clase neses niveis	Decembro 2022	Scornabots, paneis e propostas	Realización da xuntanza e deseño/selección de tarefas para máis do 50% das aulas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

H.11.4:Poñer en práctica nas aulas	*profesorado que imparte clase nesese niveis	2ºtrimestre	Scornabots, paneis e propostas	Desenvolvemento de , polo menos, unha actividade, en máis do 50% das aulas implicadas.	Realizada	
					Pendente	
					Aprazada	
H.11.5:Elaborar a memoria do plan	*Coordinadora de biblioteca *coordinadores de nivel	3ºtrimestre	Ordenador e coordinadora de biblioteca e niveis.	Elaboración da memoria	Realizada	
					Pendente	
					Aprazada	

"Área/s de mellora": G Práctica avaliación e E: Emprego de contornas virtuais de aprendizaxe						
4. OBXECTIVO (1):	Utilizar a Aula Virtual/Edixgal ao menos unha vez ao trimestre para probas ou cuestionarios de avaliación en liña. G1 e E3				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado das áreas implicadas. Coordinador TIC/Edixgal.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de probas creadas en Aula Virtual Moodle/Edixgal.					
Valor de partida (3)	Cursos creados con alumnado matriculado. Emprego de probas residual ou nulo a través da aula AV.					
Valor previsto e data (4)	Creación de diferentes probas empregando as ferramentas da Aula Virtual			Curso 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Formar sobre probas en Aula Virtual para avaliar ao alumnado: Tipoloxía de preguntas. Bancos de preguntas. Categorías e subcategorías. Importación e exportación. Creación e xestión de probas.	Coordinadora do PFPP/coordinadora TIC e CFR	Outubro 2022	AV Moodle e/ou Edixgal.	Realización da formación	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear preguntas de diferentes tipoloxías e categorización das mesmas en bancos de preguntas dentro dos cursos	Profesorado	Novembro 2022	AV Moodle e/ou Edixga	Creación do banco de preguntas	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear probas en entorno Moodle/Edixgal	Profesorado	Decembro 2022	AV Moodle e/ou Edixga	Creación de probas en Moodle	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C.-INFRAESTRUTURA E EQUIPOS e						
5. OBXECTIVO (1):	Solicitar a creación dun polo creativo no centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro e coordinador .				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Inclusión do centro na rede de polos creativos					
Valor de partida (3)						
Valor previsto e data (4)	Inclusión do centro			Data: 30-06-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
Informar ao claustro da creación do polo creativo	Dirección do centro	Marzo 2023	Acta do claustro	- Informouse ao claustro	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
Redactar un proxecto	Equipo PFPP	Abril 2023	Proxecto	Redactouse o proxecto	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
Tramitación da solicitude	*Dirección	Xuño 2023	Solicitude	Aceptouse a solicitude	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": G6. Avaliación entre iguais. Non se empregan as TIC para fomentar comentarios entre iguais.						
6. OBXECTIVO (1):	Empregar ferramentas de coavaliación e autoavaliación do alumnado para a avaliación dixital de traballo do alumnado en entornos Moodle e/ou Edixgal				Acadado	
RESPONSABLE:	Comisión de Coordinación Pedagóxica. Coordinador TIC/Edixgal.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de obradoiros de coavaliación e autoavaliación realizados.					
Valor de partida (3)	Os cursos de Moodle e Edixgal están creados e o alumnado matriculado, mais non se están a utilizar actividades como os obradoiros como métodos de avaliación.					
Valor previsto e data (4)	O profesorado de 5º e 6º emprega 1 obradoiro de coavaliación.			Curso 22/23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Matricular ao alumnado en Edixgal	Coordinador/a Edixgal	Setembro 2022	Aula virtual de Edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formar en emprego de obradoiros de coavaliación en entornos Moodle	Equipo dinamización Plan Dixital	Xaneiro 2023	Coordinación de horarios.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Utilizar obradoiros como ferramenta para a coavaliación	Profesorado das diferentes materias co asesoramento do coordinador/a TIC e /ou Edixgal	2º e 3º trimestres 2023.	Aula virtual de Edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Cada unha das accións propostas neste plan teñen uns indicadores específicos que axudarán a determinar si o obxectivo proposto foi acadado ou si é necesario realizar variacións durante o curso ou a final de cada trimestre.

Será necesario:

- Establecer os mecanismos de control das actividades realizadas. (Gráficos, táboas de rexistro, etc).
- Establecer instrumentos de avaliación como enquisas e cuestionarios.
- Establecer propostas de mellora no caso de necesitalas.

O plan revisarase ao finalizar o curso académico.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital de centro difundirase entre toda a comunidade educativa a través dos seguintes mecanismos:

- Presentación do proxecto a Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).
- Presentación do mesmo no claustro e entrega a través do correo electrónico a todo o profesorado.
- Presentación do proxecto no Consello Escolar.
- Inclusión do mesmo no proxecto curricular de centro.
- Entrega do mesmo aos representantes da ANPA
- Publicación en liña na páxina web do centro.